

Amigas e amigos.

Edicións A Nosa Terra preséntalles na súa colección “Nós os galegos” o libro *Rosalía de Castro (Notas Biográficas)* do que é autor Augusto González Besada.

Este discurso de entrada na Real Academia Española no ano 1916, ano de nacemento das Irmandades da Fala que si me permiten diría que dá idea do moito que desceu o nivel cultural da direita á española, nada na Galiza en edición da profesora María do Pilar García Negro, cuxo texto ela analisa no limiar maxistralmente e que verqueu así mesmo ao galego e cun acrisolado e luminoso epílogo do profesor Francisco Rodríguez, profesores que si me permiten pásolles a presentar.

María do Pilar García Negro é profesora da Universidade da Coruña e ten publicado unha extensa nómina de títulos dos que entrecollo:

*O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*

*Sempre en galego.*

*Direitos lingüísticos e control político*

*Arredor de Castelao*

Ademais de outros en colaboración cos profesores Xoán Costa e Xosé María Dobarro. Estes títulos precipitados son ensaios nados de contrastar pensamento político en acción con realidade necesitada de ser clarificada de ser desvendada, pois para a profesora María do Pilar García Negro Galiza foi sempre o seu labor, tendo sido presidenta de agrupacións culturais axudando a dar alento a plataformas como a Asociación Socio-pedagóxica Galega e tendo posto os direitos da muller galega e Rosalía.

Como centro referente, a defensa do noso idioma estivo sempre no eixo do seu labor político e social e cultural. Hoxe mudou o seu labor de deputada polo BNG no parlamento galego polo de profesora da Universidade de A Coruña e entre as súas moitas e importantes aportacións destacaría a súa participación na comisión para a igualdade e para os direitos das mulleres, en funcionamento desde 1994.

E sempre o seu activismo a prol dos nosos direitos nacionais polo noso país e fóra do noso país alí onde houber un galego ou galega María do Pilar García Negro entregará o seu esforzo militante na convicción novoneirán de que Galiza pode ser e debe ser outra cousa e que a força do seu amor por Galiza e os galegos e galegas non é nunca inútil e diso da fe o seu infatigábel traballo e a súa insubornábel humanidade sendo hoxe referente das novas xeracións de mozos e mozas

O profesor Francisco Rodríguez, na actualidade parlamentario galego polo BNG no parlamento español, ten escrito libros referenciais na sociolingüística e no pensamento político da nosa nación. Cando nestes días tiña nas miñas mans un libriño de sesenta e poucas páxinas de Edicións Xistral a min adicado no agosto de 1976, *Conflictos lingüísticos e ideología*, lembrei a importancia que para min e para moitos tivo e viñeronme desde a memoria entre outras a reflexión de que todo aquilo que escrebeu o profesor Francisco Rodríguez foi para lle dar contido actualizado, instrumental e de ferramenta para as necesidades do pensamento nacionalista galego organizado ou por organizar, enchéndoas do seu contido liberador.

Hoxe moitos dos camiños que transitamos ou que deberamos transitar no nacionalismo galego cunha total normalidade foron por el abertos ou redescubertos e mantéñense limpos de silvas e pedras.

Mais o máis grande traballo do profesor Francisco Rodríguez é o traballo colectivo, aquel que non se ve, que é selva nutricia do pensamento e da práctica do nacionalismo galego.

E lle teño eu que agradecer de xeito fundamental, o mesmo que a María do Pilar, é que teña a humanidade, a xenerosidade do verdadeiro patriota galego.

Cando lía a un poeta grego Seferis di unhas palabras que a min me levaron a Rosalía.

Fala das dúas grandes liñas da poesía neogrega fala de Cavafis como unha poesía brillante na súa tradición docta mais que atopa o seu fin na vida do poeta e da súa poesía e fala do poeta Kostis Palamas que axudaria á independencia da nación escravizada polo Imperio otomano, que axudou a que despertase abrindo a conciencia colectiva, pois xungue a tradición docta coa tradición popular e di: tras da porta de Palamas, que se esforza en abrir, acumuláronse durante séculos cousas, figuras, sentimentos, lendas, cultos historias. E agardan e empúrranse por ver coa palabra que el lles dará corpo para ollar a luz do sol.

Entre as súas obras destacaría:

*A evolución ideolóxica de Curros Enríquez*

*Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*

E en colaboración ou en libros colectivos destacaría:

*Problema nacional e colonialismo. O caso galego*

*Problemática das linguas sen normalizar. O caso galego*

*A nosa literatura: unha interpretación para hoxe*

Mais o que lle debemos os galegos e galegas que o temos como referente de servizo ao noso país é o ter posto diante nosa con claridade rigorosa a necesidade de que os galegos soupesemos que nos ía a vida como povo na defensa do noso idioma ou que non eramos un pobo bilingüe ou dar a Rosalía ou a Castelao un lugar de referentes na nosa cultura nacional nos que está acrisolado todo aquilo que nos define como povo a muller que deu ao noso povo unha obra com as raíces más profundas das grandes árbores que beben nas veas da auga que alimentan o chan nutricio da nosa nación .